

## OFERTA DE EMPREGO ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL

### DEPARTAMENTO PRODUCCIÓN 2022-2023

A Academia Galega do Audiovisual lanza unha oferta de emprego para diferentes postos de persoal técnico adscritos ao departamento de produción.

Os perfís profesionais requeridos son: Xefatura de produción, Axudantía de produción e Auxiliar de produción.

A modalidade de contratación será por duración determinada a tempo completo. O período de contratación variará para cada un dos perfís solicitados, dependendo do proxecto para o que sexa seleccionada a persoa candidata, pero que en ningún dos casos excederá os seis meses.

Os períodos de contratación iniciaranse a principios de setembro de 2022 e extenderanse ata finais de abril de 2023.

As candidaturas presentadas deberán cumprir alomenos un dos seguintes **REQUISITOS**:

- Licenciatura / Grao en Comunicación Audiovisual e/ou Ciclo Formativo Grao Superior en Producción de Imaxe e Son.
- Experiencia laboral demostrable en postos similares dentro dos departamentos de produción de producións audiovisuais e/ou artes escénicas e/ou eventos e/ou espectáculos.

#### VALORARASE POSITIVAMENTE

- Competencia oral e escrita en lingua galega.
- As producións da Academia levaránse a cabo na cidade de Ourense e na cidade da Coruña polo que se terá en conta á hora de avaliar as candidaturas que as persoas solicitantes teñan posibilidade de contar con residencia en calquera das cidades e/ou as súas áreas de influencia.
- Carnet de conducir e dispoñibilidade de vehículo propio.
- Dispoñibilidade e flexibilidade horaria.
- Experiencia na tramitación e xustificación de axudas de organismos públicos.
- Outros méritos (formación e/ou experiencia profesional complementaria)

#### REMUNERACIÓN

A persoas seleccionadas nesta convocatoria recibirán o seguinte salario bruto mensual:

Xefatura de produción: 1.750,00€

Axudantía de produción: 1.300,00€

Auxiliar de produción: 1.150,00€

#### RECEPCIÓN DE CANDIDATURAS

As persoas interesadas na oferta deberán enviar un currículo á produccion@academiagalegadoaudiovisual.gal indicando o posto para o que optan.

O prazo de recepción de candidaturas estará aberto dende o 30 de maio ata as 14:00h do venres 10 de xuño de 2022.

## **FUNCIONES DOS POSTOS DE TRABAJO**

**Xefatura de produción.** Terá asignadas as seguintes tarefas en coordinación constante coa Dirección e Xerencia da Academia:

- Definición de necesidades técnicas e de persoal humano necesario para levar a cabo a produción.
- Elaboración de orzamentos técnicos e negociación con provedores.
- Elaboración e xestión do plan de traballo.
- Coordinación da contratación de recursos humanos, técnicos e de empresas de servizos e provedores.
- Xestión e coordinación de equipos humanos e equipamento técnico.
- Supervisión e seguemento orzamentario do proxecto.
- Executar e facer cumprir o plan de prevención de riscos laborais.
- Supervisión dos horarios de traballo do equipo humano contratado especificamente para a produción.
- Elaboración de memorias da actividade.

**Axudantía de produción.** Terá asignadas as seguintes tarefas en coordinación constante coa xefatura de produción do proxecto:

- Control de gastos e vixiar o cumprimento dos orzamentos asignados.
- Desglose de tarefas e necesidades.
- Xestión do plan de traballo.
- Coordinación das labores dos auxiliares de produción.
- Coñecementos de xestión administrativa (contratación, facturación, etc.)
- Elaboración de memorias da actividade.
- Asistir á xefatura de produción en todas aquelas tarefas requiridas para a execución do proxecto.

**Auxiliar de produción.** Terá asignadas as seguintes tarefas en coordinación constante coa xefatura de produción do proxecto.

- Tarefas administrativas vinculadas coa produción do proxecto.
- Xestión integral de orzamentos e facturas de provedores do proxecto.
- Asistir á xefatura e á axudantía de produción en todas aquelas tarefas requiridas para a execución do proxecto.